

A/A DIRECTORA DO DISTRITO SANITARIO DO SALNÉS

A/A XERENCIA ÁREA SANITARIA PONTEVEDRA E O SALNÉS

A/A COMITE DE SEGURIDADE E SAUDE LABORAL DO SALNÉS

A/A DIRECCION RECURSOS ECONOMICOS DA ÁREA SANITARIA PONTEVEDRA E O SALNÉS

De: CIG- Saúde Salnés

Asunto: Solicitude de lavado dos uniformes dos traballadores/as das empresas subcontratadas no Hospital do Salnés.

O persoal das empresas que traballan no Hospital do Salnés, nomeadamente o persoal da limpeza, cociña, mantemento e seguridade están facendo todo o que se pode, e máis, por realizar o seu traballo coa maior seguridade e dilixencia nestes momentos.

Ese é o seu traballo e teñen a determinación de facelo o mellor posible, coa maior eficacia e coa vontade de atender a todas as demandas posibles tanto da poboación como dos traballadores e traballadoras sanitarios. Non hai dúbida sobre isto.

O que esiximos desde CIG-saúde é poder facer o traballo nas condicións de seguridade necesarias para todos e todas os que traballamos no Hospital, e esa é responsabilidade da dirección da Área.

No Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao coronavirus (SARS-COV-2) recóllese o seguinte en canto a medidas de protección:

"La forma óptima de prevenir la transmisión es usar una combinación de todas las medidas preventivas, no solo Equipos de Protección Individual (EPI). La aplicación de una combinación de medidas de control puede proporcionar un grado adicional de protección."



Ante isto, ademais de poder contar cos Equipos de Protección Individual necesarios e adaptados ás diferentes situacións das distintas categorías de traballadores en toda a Área Sanitaria, **solicitamos se proceda a realizar a limpeza e desinfección dos seus uniformes de traballo nas mesmas condicións que as do persoal do Sergas.**


Estes traballadores das empresas subcontratadas lavan o uniforme nas súas casas e no caso de algunhas empresas incluso veñen con el posto do exterior. Consideramos que é un risco que o resto de persoal non debemos de asumir porque compartimos con eles espacio de traballo. A maiores se está poñendo en risco as traballadoras de estas empresas porque están levando para as súas casas un uniforme que pode estar contaminado co conseguinte risco para as súas familias.

Segundo recolle o Real decreto 171/204, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei de 31/1195 de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais *"os empresarios que coinciden en un mesmo centro de traballo terán que poñer en practica medidas para previr os riscos laborais derivados da concorrencia de actividades empresariais e, por tanto, para que esta concorrencia non repercuta na seguridade e na saúde dos traballadores das empresas concorrentes"*

Así mesmo este decreto no seu artigo 10 di *"que o empresario principal debера vixiar o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais por parte das empresas contratistas ou subcontratistas de obras ou servizos que se desenvolvan no centro de traballo"*.

Segun o artigo 15 *"os delegados de prevención serán informados cando se concerte un contrato de prestación de obras ou servizos e recabaran do empresario principal a adopción de medidas para coordinar as actividades preventivas e a tal fin poderán efectuar propostas ao comité de seguridade e saúde"*.

Vilagarcía de Arousa, 22 de abril de 2020



Celia Iglesias Franco

Delegada de Persoal CIG-Saúde e Membro do Comité de Seguridade e Saúde